

Xunto remito a presente proforma de Acordo de Colaboración, informada favorablemente por esta Asesoría Xurídica da CRTVG e as súas sociedades, agás no que atinxe ó seu contido e calidade, aspectos que deberán ser informados polos departamentos ou servizos correspondentes.

Santiago de Compostela, a 1 de xuño de 2006


Asdo.: R. Luis Guerra González
Director da Asesoría Xurídica

Asdo.: José Ramón Bernal Vizoso
Letrado

TODO ESCRITO QUE NON LEVE ASINADA A PRESENTE INSCRICIÓN,
CARECE DO CORRESPONDENTE INFORME DA ASESORÍA XURÍDICA
DA CRTVG E AS SÚAS SOCIEDADES



Radio Galega



ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE RADIOTELEVISIÓN GALICIA, S.A., E VIEIROS INFORMACIÓN EN REDE, S.L.

Santiago de Compostela, 1 de xuño de 2006

R E U N I D O S

Dunha banda, **Radiotelevisión Galicia, S.A.** (en adiante **RTG, S.A.**), con domicilio social no Centro Emisor de San Marcos, sen número, Santiago de Compostela, inscrita no Rexistro Mercantil da Coruña no tomo 425 do arquivo, libro 224 da sección 3ª de sociedades, ó folio 75, folla 2.431, C.I.F. A-15073356; representada neste acto polo seu Administrador Único con cargo de Director-Xerente, don **Virgilio Costas Pumar.**

Doutra banda, **Vieiros Información en Rede, S.L.** (en adiante **VIEIROS**), con domicilio social na Rúa do Pombal número 43 baixo, Santiago de Compostela, inscrita no Rexistro Mercantil da Coruña no tomo 2.497 do arquivo, sección xeral, ó folio 20, folla número C-27184, C.I.F. B-15792682; representada neste acto polo seu Administrador Único don **Lois Rodríguez Martínez**

Ámbalas dúas partes recoñécense mutuamente competencia e capacidade bastante para formalizar o presente convenio e en consecuencia,

E X P O Ñ E N

Primeiro.- VIEIROS posúe, en exclusiva, todos os dereitos de propiedade intelectual necesarios para a realización dun concurso denominado "**APOLOGHIT**", que organizará e celebrará para promover entre autores e intérpretes novos a creación, interpretación e gravación dunha canción con letra en lingua galega, orientada a ser un "ghit ou trallazo musical estival", que difundirá a través dunha web aloxada no seu dominio: <http://apologhit.vieiros.com>, colaborando **RTG,S.A.** para a súa difusión no dominio CRTVG: <http://crtvg.es>



Segundo.- *RTG, S.A.* está interesada en colaborar na difusión de novas creacións musicais con letra en lingua galega, na súa programación destinada á mocidade, polo que ambas partes conveñen en prestarse mutua colaboración sen afán económico entre elas, polo que establecen a celebración do presente Acordo que se rexerá polo establecido nas seguintes

C L Á U S U L A S :

Primeira.- En relación co concurso denominado "APOLOGHIT", que *VIEIROS* organiza baixo a súa exclusiva responsabilidade, para promocionar a creación e difusión de cancións con letra en lingua galega, orientadas a ser un "ghit ou trallazo musical do verán", que difundirá ó público interesado a través dunha páxina web, especialmente creada por ela, aloxada no seu dominio <http://apologhit.vieiros.com>, e que tamén difundirá *RTG, S.A.* na súa páxina CRTVG <http://crtvg.es>, a través das que o público pode votar as súas preferencias, *RTG, S.A.* amosa a súa intención de colaborar na difusión das cancións que a organizadora do concurso difunda na súa páxina web.

Segunda.- *RTG, S.A.* autoriza a *VIEIROS* a realizar un enlace coa súa páxina web, así como a incluír na páxina web do concurso o seu logotipo.

Terceira.- É de conta exclusiva de *VIEIROS* e da súa soa responsabilidade, conseguir a autorización dos intérpretes e autores para a inclusión das cancións na referida páxina web, así como para a súa comunicación pública por radio, para todo o mundo.

Cuarta.- *RTG, S.A.* por cesión de *VIEIROS* pode comunicar polas súas canles todas as cancións que *VIEIROS* inclúa na súa web, garantíndolle esta contar cos dereitos suficientes para este cometido.

RTG, S.A. realizará promoción para a participación do público na votación, a través de información do concurso difundida nos seus programas dirixidos á mocidade

Quinta.- De haber patrocinador/es do concurso organizado por *VIEIROS*, este/s comprométese a que negocie con *RTG, S.A.* o seu patrocinio na programación de *RTG, S.A.* e con *VIEIROS* o patrocinio xeral do concurso por medio da páxina web oficial do mesmo.

Sexta.- O concurso rematará o vindeiro dous de setembro de dous mil seis, comprometéndose *VIEIROS* a dar a coñecer as cancións gañadoras na programación de *RTG, S.A.*

RTG, S.A. invitará ós intérpretes das cancións gañadoras nun dos seus programas dirixidos á mocidade.





Radio Galega

Sétima.- Para a resolución de calquera controversia que puidese xurdir na execución e interpretación deste Acordo, as partes, con renuncia a calquera outro foro que lles puidese corresponder, sométense expresamente á xurisdición e competencia dos tribunais e xulgados de Santiago de Compostela.

E en proba de conformidade cos termos deste convenio ámbalas dúas partes asinan por cuaduplicado exemplar no lugar e data indicados "ut supra".

Por Radiotelevisión Galicia, S.A.

Asdo.: Virgilio Costas Pumar
Director-Xerente

Por Vieiros Información en Rede, S.L.

Asdo.: Lois Rodríguez Martínez
Administrador Unico

VIEIROS.COM

Galerías, 13 - 1º. Of. 1
15705. Santiago
CIF: B-15792682

